



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE MAIO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/135/2018.- MARÍA CLEMENTINA LAMELO OTERO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación de edificio de planta baixa (portal), tres plantas altas, planta baixo cuberta situado na rúa Travesa nº 24 – 26.

LIC/704/2018.- CARLOS BARROS SENÍN.- Conceder licenza para executar obras de reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar adosada situada na rúa Varela Montes nº 5.

LIC/1224/2018.- RICARDO EUGENIO CATOIRA VILAS.- Conceder licenza para executar as obras de renovación do material de cubrición en cuberta e acondicionamento interior baixo cuberta no edificio sito na rúa dos Lagartos nº 11.

PARCELAMENTOS/SEGREGACIÓNS.-

LIC/138/2019.- JOSÉ CUTRÍN TEJO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación de parcela no lugar de Vixoi, 37.

LIC/1389/2018.- ANA MARÍA SEOANE PARDO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelación en rúa de Mallou nº 63.

LIC/33/2019.- MARÍA CARMEN PARDO PONTE.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para agrupación e segregación de parcelas en Vilariño de Nemenzo.

LIC/1779/2017.- EUGENIO GONZÁLEZ NOYA E OUTROS.- Rectificar o erro no que se incurriu ao describir a parcela de resultado a no acordo adoptado pola Xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión do 22/02/2019 que acordou conceder licenza de parcelamento en lugar de Grixoa.

LIC/878/2019.- HOMOXENEIZACIÓN DE CATÁLOGOS DE PROTECCIÓN DA NORMATIVA URBANÍSTICA MUNICIPAL AOS EFECTOS DE APLICACIÓN DA LEI 1/2019, DE 22 DE ABRIL, DE REHABILITACIÓN E DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia do acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para a rehabilitación de edificio de planta baixa (portal), tres plantas altas, planta baixo cuberta situado na rúa Travesa nº 24 - 26. LIC/135/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar adosada situada na rúa Varela Montes nº 5. LIC/704/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de renovación do material de cubrición en cuberta e acondicionamento interior baixo cuberta no edificio sito na rúa dos Lagartos nº 11. LIC/1224/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión de licenza para segregación de parcela no lugar de Vixoi, 37. LIC/138/2019. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelación en rúa de Mallou nº 63. LIC/1389/2018. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para agrupación e segregación de parcelas en Vilariño de Nemenzo. LIC/33/2019. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación de erro no acordo da sesión do 22/02/2019, de concesión de licenza de parcelamento en lugar de Grixa. LIC/1779/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á homoxeneización de catálogos de protección da normativa urbanística municipal aos efectos de aplicación da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. LIC/878/2019.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación de Hostelería Compostela para determinadas datas. Infórmase favorablemente a ampliación nunha hora do horario de peche do que dispoñen na actualidade os establecementos de hostalería, coincidindo coas seguintes datas de interese turístico e festivo:

_As noites que van do 13 ao 15 de xuño de 2019, por mor da celebración do festival "O Son do Camiño"

_As noites que van do 12 ao 31 de xullo, por mor da festividade do Apóstolo

_As noites que van do 9 ao 18 de agosto, por mor da festividade de San Roque

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de mantemento do castelo de A Rocha Forte". Adxudícase o contrato de referencia a favor de Mario Cesar Vila por un importe de 54.425,8 euros, IVE incluído.

12.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa a aprobación da contratación a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL. da organización do concerto de XOEL LÓPEZ na Praza da Quintana o 21 de xullo de 2019. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de organización da celebración da "FESTA DOS MAIORES 2019". Adxudícase o contrato de referencia a favor da empresa Casa Taboada SC, que se compromete a prestar o servizo por un importe de 20,67 euros, IVE incluído. A empresa tamén compromete a contratación de 25 traballadores desempregados.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á ampliación do prazo para a execución das obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de skate). Apróbase a ampliación en 19 días hábiles do prazo previsto para a execución das obras, que inicialmente remataba o 23 de maio.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato de execución das "Obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar". Acórdase a resolución do contrato coa empresa ASFALGAL Técnicas Viarias, con causa no atraso acumulado na execución dos traballos que finalmente derivou nun reale consciente abandono das obras.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial dando conta da subcontratación realizada no contrato de obras da

"Cuberta da pista polideportiva de Verdía. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)". POS+2018. Dáse conta da subcontratación por parte da empresa contratista COVISAN NORTE SL coa empresa UNITHELA Coberturas e Estructuras Metálicas LDA a parte do proxecto correspondente á estrutura autoportante que cuantifica nun 30,93 por cento do total coa empresa Soluciones Constructivas ANMACRI SL a parte correspondente á estrutura metálica que cuantifica nun 25,99 por cento do total.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Persoal relativa á aprobación do PLAN DE AUTOPROTECCIÓN para o estadio municipal "Verónica Boquete" de San Lázaro. Apróbase a proposta.

18.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago, a fundación CIDADE DA CULTURA e a XUNTA DE GALICIA para a promoción e celebración de actividades de fomento da cultura emprendedora en Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia. Apróbase a proposta.

19.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

20.- Aprobación de certificacións de obras. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á convalidación da solicitude da subvención á consellería de Economía, Emprego e Industria para a posta en marcha do obradoiro de emprego "Santiago Sustentable" dirixido a persoas mozas. Apróbase a proposta.

2.-Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación das listas definitivas de persoas admitidas, excluídas e en lista de agarda nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o vindeiro curso 2019-2020. Apróbase a proposta.